



O FUTURO REMATA


nenhuma ilha.

O horror ficava atrás, agora estavam a salvo, pois naquela ilha havia muitos frutos, dese maçãs até cocos; puderam comer e ficar em calma até serem auxiliados. O problema era que a ajuda nunca chegava. Os jovens começavam a desesperar, pois levavam dois dias e sem rasto de salvamento. Quando passou uma semana, a esperança de que chegassem os salvadores era quase nula.

Sérgio fizera umas letras na praia com restos de plantas que punham "HELP", mas não pareciam dar resultado. Necesitavam comer e Guti e Dani penetraram na ilha, mas quando voltaram sem comida, um gigantesco animal atacou-os. Menos mal que Guti o assustou com um grito e lograram escapar. Quando chegaram junto de Sérgio e Roberto, estes tinham boas novas, pois uma avioneta vira o sinal e aterrara no seu auxilio.

Subiram, arrancaram e, quando levavam boa altura, ao mirar para abaixo não viam a ilha. Ao perguntar ao piloto onde estava, este comentou que aí non había ilha alguna e que eles foram recolhidos inconscientes no meio do mar, em cima da asa direita do aeroplano e que fora um milagre que sobrevivieran ao accidente e a uma semana no mar.

SERGIO PATIÑO RÍO, B1C



Pasaron polo menos sete anos dende que Luís decidiu marchar en busca doutros coma nós. Non volvín saber del en todo este tempo, e noto que a miña hora se achega. Síntome tan canso, que ata escribir me custa un gran esforzo. Sen embargo, se non fose por este diario que empezou meu pai e que eu continuei día a día, seguramente estaría morto ou algo peor.

Hoxe non me movín da miña cama. Gústame chamala así, aínda que non sei de quen é. Dende hai anos ninguén se atreve a saír ao exterior, a temperatura é demasiado elevada, ningún ser vivo a soportaría.

Os telexornais xa levaban moito tempo informando de que este día chegaría, pero as medidas necesarias nunca se tomaron. E así foi como sucedeu, primeiro foron molestias leves, pero pronto se tornou insoportable, os raios de sol penetraban tan forte na terra que toda forma de vida foi desaparecendo. Os homes sobrevivimos primeiro nos lugares máis fríos da Terra, pero

pronto tivémonos que protexer do sol.

A partir dese día, comezou a conta atrás para a humanidade. Os científicos comíanse a cabeza por atopar a solución ao problema, pero xa era demasiado tarde. Cada hora, cada segundo era un paso cara a fin.

Intentáronse realizar múltiples experimentos para salvar o home, pero todos foron en vano. A Terra arde de calor, hai un ano que non recibo sinal de televisión nin de internet, os teléfonos deixaron de funcionar, e ata aquí, a douscentos metros de profundidade se comeza a notar unha abrasadora calor que me está matando.

Aínda teño víveres para varios anos, pero creo que non durarei moito con tanta calor. Por nada do mundo me atrevo a saír ao exterior, aguantarei o que poida, e se morro, polo menos deixarei escrito o que sucedeu coa humanidade para que non se volva repetir, iso se non arde antes de que alguén o poida ler.

Adeus

SERGIO PATIÑO RÍO, B1C